



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Relacións Interartes	Código	613584122	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	?Estudo e análise crítica da relación entre as diversas artes, así como dos procesos de transitividade e reciprocidade que, entre elas, se producen, nas distintas tendencias epocais dos ámbitos culturais brasileiro, galego e portugués. ?Neste curso 2020/2021, os contidos están inseridos, en concreto, na liña temática relativa ás relacións entre LITERATURA E ARTES PLÁSTICAS: «Paradigmas plástico-escriturais na poesía contemporánea do Brasil, Galiza e Portugal (As obras de Paulo Leminski, Uxío Novoneyra e Ana Hatherly)»			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>? Non se realizarán modificacións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Sesión maxistral</p> <p>? Traballos tutorizados (con atención personalizada) (computa na avaliación)</p> <p>? Obradoiros (computa na avaliación)</p> <p>? Lecturas (computa na avaliación)</p> <p>?Recensión bibliográfica (computa na avaliación)</p> <p>?Presentación oral (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>? A Proba Mixta será substituída por ?estudo de casos?.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Diariamente. A demanda do alumnado. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutorizados</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Haberá encontros regulares, con base na planificación inicial da materia, para o atendimento do alumnado, o acompañamento dos traballos, así como para pór en práctica o desenvolvemento dos contidos teóricos da materia. No Moodle serán disponibilizados, explicados e atribuídos todos os elementos relacionados cos ?estudos de caso? substitutivos da proba mixta, así como o "aggiornamento" necesario (máis de pormenor) de calqueira outro aspecto do desenvolvemento da materia.</p> <p>? Teams: Unha sesión semanal para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutorizados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. As sesións "ad hoc" necesarias para o seguimento e apoio na realización do ?estudo de casos?.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>? Traballos tutorizados (15%): En relación cos traballos tutorizados serán obxecto de avaliación o rigor teórico e formal, a capacidade analítica e relacional, así como a elaboración de reflexións críticas e a profundidade dos contidos expostos.</p> <p>? Lecturas (10%): En relación coas lecturas serán obxecto de avaliación a adecuación dos resumos das mesmas, así como a pertinencia das reflexións persoais sobre elas, no contexto dos coñecementos adquiridos e dos contidos desenvolvidos que lles digan respecto.</p> <p>? Obradoiros (20%): En relación cos obradoiros serán obxecto de avaliación a capacidade analítica dos temas abordados, a cualidade da exposición oral e/ou escrita e a adecuación aos contidos e aos obxectivos propostos derivados das previas lecturas atribuídas.</p> <p>? Recensión bibliográfica (5%): En relación coa recensión bibliográfica serán obxecto de avaliación a adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.</p> <p>? Presentación oral (10%): En relación coa presentación oral serán obxecto de avaliación a capacidade expositiva e a profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados.</p> <p>? Estudo de casos (40%): En relación co estudo de casos será obxecto de avaliación tanto a precisión expresiva e dos contidos, como a adecuación ás competencias xerais da materia dos comentarios, análises e reflexións realizados.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>? Tendo en conta as consecuencias derivadas das modificacións anteriores, mantéñense as recollidas no correspondente apartado do guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>? Realizaránse os axustes necesarios para que o estudantado, na medida do posíbel, poida dispor de todos os materiais de traballo precisos en formato dixital en Moodle.</p>
-----------------------------	--



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B1	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B2	Falar ben en público
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B9	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser, en grande medida, autodirixido ou autónomo
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
B11	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
B12	Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base e oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos. dentro de contextos mais amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico





<p>Aplicar os coñecementos adquiridos sobre historia e cultura das comunidades lusófonas e das comunidades galegas no exterior.</p>	<p>A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1</p>	<p>B1 B1 B1</p>	<p>C1 C1 C1 C1</p>
<p>Identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.</p>	<p>A1 A1</p>	<p>B1 B1 B1 B1 B1</p>	<p>C1 C1 C1 C1</p>
<p>Adquirir coñecementos pluridisciplinares, en xeral, e interartísticos, en particular, aplicándoos no ámbito dos movementos da modernidade e da posmodernidade.</p>	<p>A1 A1 A1 A1 A1 A1 A1</p>		

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Paradigmas plástico-escriturais na poesía contemporánea do Brasil, Galiza e Portugal (As obras de Paulo Leminski, Uxío Novoneyra e Ana Hatherly).</p>	<p>[Módulo 0] ? «Olhar» e «ver», verbo-boco-visualidade poética e prácticas contemporáneas interartes.</p> <p>[Módulo 1] ? O Concretismo e a obra de Paulo Leminski.</p> <p>[Módulo 2] ? A visualidade e a xestualidade caligráfica na obra de Uxío Novoneyra.</p> <p>[Módulo 3] ? A Poesía Experimental (PO-EX) e a obra de Ana Hatherly.</p>
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A13 A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B5 B6 B7 B12 B2 B3 B11 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8 C9	4	5	9
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A1 A2 A3 A7 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B13 B6 B1 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C2 C7 C6 C8	0	15	15
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A13 A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B12 B3 B11 C6 C8	0.25	5.75	6
Recensión bibliográfica	A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0.25	2.5	2.75
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A13 A1 A2 A3 A5 A6 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B4 B6 B1 B3 C2	0.5	3.75	4.25



Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A1 A2 A7 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B13 B6 B1 C2 C7 C6 C8 C9	2	15	17
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A6 A14 A7 A10 A8 A12 B6 B14 B8 B12 B9 B10 C4 C7 C5 C9	8	10	18
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Textos orais, escrito e/ou visuais en que o alumnado analizará, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, algunha(s) das obras e/ou textos de lectura obrigatoria.
Recensión bibliográfica	Reseña(s) avaliada(s) de determinadas aportacións bibliográficas.
Presentación oral	Presentación oral dalgún(s) dos comentarios de textos realizados.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesor explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos. A forma e o momento en que se desenvolverá indicarse en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia. O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A13 A1 A2 A3 A5 A6 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B4 B6 B1 B3 C2	Avaliación da capacidade expositiva e da profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados. Para alen do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clarezza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10



Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A1 A2 A7 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B13 B6 B1 C2 C7 C6 C8 C9	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e conteudística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	40
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A1 A2 A3 A7 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B13 B6 B1 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C2 C7 C6 C8	Terán de realizarse as lecturas obrigatorias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións "ad hoc"; e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos conteúdos focados e as competencias previstas na materia.	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A13 A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B6 B12 B3 B11 C6 C8	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria, avaliándose a súa precisión e o seu axeitamento aos contidos e ás competencias previamente formulados. Son obxecto de avaliación a presentación oral do traballo tutelado e da lectura analítica do texto breve seleccionado de acordo co profesorado da materia. Para alén do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	15
Recensión bibliográfica	A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación da adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.	5
Obradoiro	A13 A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 B13 B4 B5 B6 B7 B12 B2 B3 B11 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8 C9	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica.	20

## Observacións avaliación





Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante, coa salvidade da substitución das actividades do obradoiro ?e, en consecuencia

tamén coa redistribución do 20% da cualificación que lle corresponde?

por novos traballos tutelados, lecturas e/ou recensións bibliográficas.

Debido á diversa casuística que se pode presentar, para acordar e/ou

decidir esas modificacións substitutorias "ad hoc" y "ad personam",

este alumnado, de non poder asistir ás titorías, deberá porse en

contacto co profesor por medio do correo electrónico con

anterioridade ao comezo das sesións presenciais.

Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar co profesor, ao máis tardar, antes do mes de novembro.

Na segunda oportunidade, para superar a materia, haberá que realizar as mesmas probas e cumprir as mesmas exigencias que na primeira, agás as actividades do obradoiro, cuxa porcentaxe na cualificación (20%) será redistribuída: redimensionando cun 15% os

traballos tutelados, e cun 5% as actividades de recensión

bibliográfica.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non teña asistido á proba mixta e/ou cando teña entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%

---

Os

traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao

Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos

previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo

mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas

circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas

de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de

grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

---

Todas

as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de

corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica,

ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso

de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na

cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección

lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e

pendurado en Moodle).



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Carlos Paulo Martínez Pereiro (2010). A man que caligrafando pensa ? Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana. A Coruña: SP-UDC</li> <li>- Ana Hatherly (2006). 463 Tisanas. Lisboa: Quimera</li> <li>- Paulo Leminski (2013). Toda poesia. São Paulo: Companhia das Letras</li> <li>- Uxío Novoneyra (1979). Cadernos caligráficos. Madrid: Cadernos da gadaña</li> <li>- Edoardo Fazzioli; Eileen Chan Mei Ling (2010). Caracteres chineses. Lisboa: Público</li> <li>- Ana Hatherly (2001). Un calculador de improbabilidades. Lisboa: Quimera</li> <li>- Raymond Bellour (2011). Lire Michaux. Paris: Gallimard</li> </ul> <p>BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA? AGUILAR, G.: Poesia concreta brasileira: as vanguardas na encruzilhada modernista. Trad. João Bandeira e Marilena Vizentin (EDUSP, São Paulo, 2005).? CASAS, A.: ?Mirar é ir. Introducción a unha poética?, in Casas, A. (ed.): Uxío Novoneyra. Antoloxía Poética (Editorial Galaxia, Vigo, 2010): 11-59.? HATHERLY, A. e MELO e CASTRO, E. M.: Po-Ex ? Textos teóricos da Poesia Experimental protuguesa (Moraes Editores, Lisboa, 1981).? MACEDO, G. (org.): Ana Hatherly: Interfaces do Olhar ? Uma Antologia Crítica / Uma Antologia Poética, Roma Editora, Lisboa, 2004.? MARTÍNEZ PEREIRO, C. P.: A man que caligrafando pensa ? Do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana (Servizo de Publicacións?UDC, A Coruña, 2010).? MORICONI, Í.: A poesia brasileira do século XX (Editora Objetiva, Rio de Janeiro, 2002)? VIEIRA, F. (2007): Oriente ocidente através: a melofanologopaica poesia de Paulo Leminski, Dissertação de Mestrado / Programa de Pós-Graduação em Letras / Centro de Ciências Humanas, Letras e Artes (Universidade Federal da Paraíba, 2007): <a href="http://www.cchla.ufpb.br/ppgl/wp-content/uploads/2012/11/images_Francisco.pdf">http://www.cchla.ufpb.br/ppgl/wp-content/uploads/2012/11/images_Francisco.pdf</a></p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>? SELECCIÓNS ANTOLÓXICAS «AD HOC» da poesía dos tres autores visados: Paulo Leminski, Uxío Novoneyra e Ana Hatherly (a disponibilizar na Plataforma Moodle).MATERIAIS AUDIOVISUAIS? «Paulo Leminski ? Ervilha de fantasia» (Documentário de Wener Schumann, 1985): <a href="https://www.youtube.com/watch?v=zkl57-hC3ko">https://www.youtube.com/watch?v=zkl57-hC3ko</a>? «Curtametragem: "Cinco Poemas Concretos", 2007»: <a href="http://www.youtube.com/watch?v=yC3e7rmSYM4">http://www.youtube.com/watch?v=yC3e7rmSYM4</a>? «?Vietnam canto?, lido por Uxío Novoneyra»: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=cGBHtVirQyQ">https://www.youtube.com/watch?v=cGBHtVirQyQ</a>? «?rotura? [trecho], de Ana Hatherly, 1979»: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=eghPc-w85f8">https://www.youtube.com/watch?v=eghPc-w85f8</a>? «Ana Hatherly ? A mão inteligente» [trailer]» (Documentário de Luís Alves de Matos, 2002).: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=eghPc-w85f8">https://www.youtube.com/watch?v=eghPc-w85f8</a></p>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

NOTA BENE?Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías